



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 6 de febreiro de 2025, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto sanitario, social e económico,

MAVACAMTEN

Na indicación de tratamento da miocardiopatía hipertrófica obstrutiva (MCHO) sintomática (New York Heart Association, NYHA, clase II-III) en pacientes adultos con fracción de exección do ventrículo esquerdo (FEVI) $\geq$ 55% cando se cumpran todos os seguintes criterios:

1.- pacientes con historia de hipertrofia do VI non afiliada nin explicada por outras causas con grosor da parede do VI $\geq$ 15 mm (ou $\geq$ 13 mm no caso de historia familiar de MCH) e que presenten un gradiente máximo do TSVI $\geq$ 50 mmHg en repouso ou con provocación (manobra de Valsalva ou post-exercicio).

2.- pacientes non controlados con doses máximas toleradas dun betabloqueante non vasodilatador ou un calcio-antagonista non hidropiridínico (verapamil ou diltiazem).

Outras consideracións:

A dosificación de mavacamten require xenotipado do CYP2C19. Ademais os pacientes a tratamento concomitante con inhibidores e indutores do CYP2C19 e CYP3A4 requiren especial seguimento (ver Ficha Técnica).

Deberase realizar un coidado seguimento do FEVI para controlar o risco de disfunción sistólica (ver Ficha Técnica).

Non existen suficientes datos para respaldar o uso de mavacamten e polo tanto non se recomenda nas seguintes condicións:

- Na modalidade non obstrutiva da MCH.
- En combinación con disopiramida nin en pacientes a tratamento cunha combinación de betabloqueantes e calcioantagonistas non dihidropiridínicos.
- En pacientes asintomáticos: NYHA clase I.
- En primeira liña de tratamento (pacientes que non recibiron betabloqueantes ou calcioantagonistas).

CRITERIOS DE RETIRADA DO TRATAMENTO: Débese considerar a posibilidade de suspender o medicamento nos pacientes que tratados durante 4-6 meses coa dose máxima tolerada non mostren resposta (non melloría de síntomas, calidade de vida, capacidade de exercicio ou gradiente do TSVI).

Esta resolución e comunicada, nesta data, á Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

Santiago de Compostela, (data e sinatura dixital)

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Alfredo José Silva Tojo

Xerente da Área Sanitaria do Servizo Galego de Saúde